



A XUNTA DE GALICIA RELAXA O CONTROL AMBIENTAL SOBRE ELNOSA

A fábrica de Cloro de ELNOSA, constitúe un anacronismo no entorno urbano de Pontevedra que revestida ademais dunha seria perigosidade e potencialidade contaminante. Trátase dunha industria obsoleta, con instalacións anticuadas nas que o perigo de fuga ou accidente se multiplica co paso do tempo, multiplicando tamén o risco para a saúde dos seus traballadores, da poboación de Pontevedra e Marín, e do medio natural e os recursos da ría. O proceso industrial que nela se realiza, a fabricación de cloro polo sistema de electrólise con cátodo de mercurio, ten practicamente desaparecido nos países industriais dada a contaminación que provoca e o perigosa que resulta; a fábrica de Pontevedra ten unha longa historia de grave contaminación das augas da ría e danos a persoas e aos bens no seu entorno, e mesmo, de vítimas mortais. Sorprendentemente, a Consellería de Medio Ambiente, concedeulle en 2008 a Autorización Ambiental Integrada, imprescindible para realizar a súa actividade, hasta o 31 de decembro de 2011. Nela establecéronse unhas normas de vixilancia e control das emisións e vertidos que estaban moi lonxe de ter unha visión real do dano que realmente ELNOSA está a producir, na AAI establecíase máis ben unha clara permisividade coa contaminación e os perigos asociados á actividade industrial da empresa.

Pero esa permisividade e falla de rigor no control ambiental de ELNOSA, vese incrementada agora. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, vén de ditar unha resolución na que relaxa aínda máis o control da contaminación e do risco. A resolución do 16 de xullo deste ano, que vén de ser recorrida pola Asociación Pola Defensa da Ría, coa desculpa de mellorar a comprensión do enunciado dos aspectos relativos ao seguimento ambiental da AAI, reduce o número de mostreos de control e o número de puntos a controlar. A Consellería de Medio Ambiente reduce a periodicidade dos controis das emisións de cloro nas torres de absorción das instalacións que pasan de ser mensuais a anuais. Dado que o cloro é un gas altamente tóxico e que as instalacións nas que se manipula están anticuadas esta desaparición do control vai ter consecuencias negativas, na práctica a empresa pode emitir cloro sen control, agás no momento da toma de mostras anual.

Asemade, redúcese o control da presenza de mercurio nas instalacións, na táboa onde se fixa unha periodicidade de dous anos para efectuar inspeccións regulamentarias, fallan dous importantes puntos, onde caben esperar concentracións altas dese contaminante, Il Hidróxeno e Sala de celas. O mercurio é un metal pesado altamente tóxico que está a contaminar a atmosfera do entorno en forma de mercurio reducido altamente volátil e as augas da Ría de Pontevedra en formas metiladas perigosas pola súa alta toxicidade.



Na APDR entendemos que esta relaxación do control nunha fábrica na que o envellecemento das instalacións multiplica o risco de que se produza unha fuga, permite un incremento nas emisións ao realizarse un único control ao ano ou non controlar zonas onde o perigo de emisión é elevado. Por outra banda, a empresa está obrigada a facer unha transformación da tecnoloxía de produción, no 2011, ou pechar as súas instalacións; debe substituír a produción de cloro por electrólise de salmoira con eléctrodo de mercurio, unha tecnoloxía que xa desapareceu en Europa pola súa perigosidade e impacto ambiental, por un sistema de membranas. Xa que parece evidente que ELNOSA non vai facer esta transformación nuns terreos que debe abandonar, o control estrito das instalacións parece obrigado ata o momento do seu peche, de maneira a evitar emisións contaminantes ou fugas accidentais.

Dende a Asociación Pola Defensa da Ría queremos esixir á Consellería de Medio Ambiente o necesario peche das instalacións de ELNOSA pola súa perigosidade. En ningún aceptamos a relaxación no control da contaminación e do risco que se pretende con esta medida. Tamén queremos alertar á cidadanía das pretensións da Administración e da necesidade de procurar o peche das instalacións produtivas da empresa para garantir a seguridade das persoas e a recuperación ambiental da nosa ría.

Pontevedra, 16 de setembro de 2010